



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 7 DE NOVEMBRO DO 2019.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. María José Sampedro Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D^a. Juana María Brión Santamaría D^a Elvira Pereira Ageitos D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xera: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día sete de novembro do dous mil dezanove, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 31 de outubro de 2019.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 06/11/2019 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato servizo de catering para a celebración do “Encontro das persoas maiores 2019””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 06/11/2019 **“Decreto: Expediente de licitación concesión de Servizo no fogar incorporación aos pregos alegacións e suxerencias”**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 06/11/2019 (nº 201911/037) **“Decreto: Resolución expediente de axuda de Inclusión Social do Concello”**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Emilio J. Domínguez Rodríguez en representación de **Comunidade de Propietarios Edificio Rúa Mariño de Rivera, nº 10**, de data 23/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.897), no que solicita licenza de obras para instalación de ascensor en edificio existente sito na Rúa Mariño de Rivera nº 10, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 0718073NH0101N.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, con sinatura dixital o día 25 de outubro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/10/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO RÚA MARIÑO DE RIVERA Nº10, **LICENZA DE OBRA (Nº 41/2019)** para **INSTALACIÓN DE ASCENSOR** en edificio existente sito na Rúa Mariño de Rivera nº 10, Riveira en parcela con refª catastral nº 0718073NH0101N, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 21 de outubro de 2019, redactados polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do*





9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por José Ramón Boo Pego en representación de **Casais Lado, S.L.**, de datas 07/10/2019 e 17/10/2019 (Rexistros de entrada nº 14.047 e 14.622), nos que solicita licenza de obras para construción de rampla de acceso a local comercial de 1,20 metros de ancho con ocupación superficial de 5,91 m² de espazo público, sito na planta baixa do edificio sito na Rúa Mariño de Rivera nº 14, Riveira, con refª catastral nº 0718077NH0101N0101N0002LG.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, con sinatura dixital o día 22 de outubro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/10/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade CASAIS LADO S.L., **AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA** no espazo inmediato á entrada do local comercial sito





na planta baixa do edificio sito na Rúa Mariño de Rivera nº 14, Riveira en parcela con refª catastral nº 0718077NH0101N0101N0002LG, nos termos da Memoria Técnica de mellora de accesibilidade de acceso peatonal a local comercial de outubro de 2019, redactado polo Sr. José Ramón Boo Pego, (arquitecto técnico col. nº 2.600):

- *A ocupación da vía pública concédese por un prazo de 4 anos, prorrogable por períodos do mesmo tempo e previa petición do interesado, e sempre que se manteñan as condicións obxecto da mesma.*
- *A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Riveira en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.*
- *Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviviren circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación. En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.*
- *En todos os casos, o adxudicatario está obrigado a suprimir a instalación á súa costa, abandonando e deixando libres e vacíos, a disposición do Concello e dentro do prazo que se lles fixe, os bens obxecto de utilización, recoñecendo a potestade deste Concello para acordar e executar o lanzamento.*

SEGUNDO.- CONCEDER á entidade á entidade CASAIS LADO S.L., **LICENZA DE OBRAS (Nº 42/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE RAMPLA DE ACCESO DE 1,20 METROS DE ANCHO E 5,91 M² DE SUPERFICIE CONSTRUÍDA** no espazo inmediato á entrada do local comercial sito na planta baixa do edificio sito na Rúa Mariño de Rivera nº 14, Riveira en parcela con refª catastral nº 0718077NH0101N0101N0002LG, nos termos da Memoria Técnica de mellora de accesibilidade de acceso peatonal a local comercial de outubro de 2019, redactado polo Sr. José Ramón Boo Pego, (arquitecto técnico col. nº 2.600):

- *A rampla considerarase que forma parte dos elementos constructivos do acceso ao local que sirva, polo que as labores de conservación da rampla e o seu mantemento en estado de limpeza e decoro, así como calquera responsabilidade que poidese sobrevivir pola existencia da mesma, correrá a cargo do solicitante.*
- *O incumprimento do anterior será causa de caducidade da autorización concedida.*

TERCEIRO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*



FIRMANTE - FECHA





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*





propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación*

3.- Visto o escrito presentado por Cándido Sanisidro López en representación de **La Portería de Uniges, S.L.**, de data 22/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.851), no que solicita a devolución de fianza a favor da Comunidade de Propietarios Edificio Promiventa, depositada como garantía das obras de “probos de estanqueidade realizadas sobre o teito –Praza Uxío Novoneira- da planta soto destinada a garaxe e pertencente á Comunidade de Propietarios Urbanización Promiventa” (expediente de obras nº 2017/430).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 29/10/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Que se proceda á devolución da fianza a favor da Comunidade de Propietarios Edificio Promiventa, depositada como garantía das obras de “probos de estanqueidade realizadas sobre o teito –Praza Uxío Novoneira- da planta soto destinada a garaxe e pertencente á Comunidade de Propietarios Urbanización Promiventa” (expediente de obras nº 2017/430), coa seguinte contía: **500,00 €**.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 36/19 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 3 DE OUTUBRO DE 2019 - ALEJANDRO ARGIBAY SUÁREZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Substitución de cuberta e ampliación de baixocuberta en vivenda unifamiliar existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

REFª CATASTRAL: 15074A92100094000UUM.

SITUACIÓN: Estrada Xeral nº 224, Castiñeiras, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Alejandro Argibay Suárez, (DNI 52.937.785-L).





AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2019.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 37.520,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 3 de outubro de 2019 acordou por unanimidade:

“
(...)

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Alejandro Argibay Suárez **LICENZA DE OBRAS** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E AMPLIACIÓN DE BAIXOCUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita na Estrada Xeral nº 224, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A921000940000UM, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2019, redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos**.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por **aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 15,54 m²**, e completar a dotación de **servicios mínimos urbanísticos** previa o **simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente**.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial**.

(...)
“

SEGUNDO.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira o día 18 de outubro de 2019 emite informe en relación á corrección da superficie de cesión sinalada na licenza de obra, por atoparse a edificación en solo urbano consolidado e prevalecer a aliñación establecida no PXOM a pesar de ser unha estrada da Diputación Provincial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA**.

En relación a dita Ordenanza o criterio estable é, xa fixado dende a entrada en vigor do actual planeamento municipal, polo Servizo de Urbanismo do Concello, e o de compatibilizar o uso residencial en categoría primeira (unifamiliar) dentro do residencial de 2ª categoría (plurifamiliar ou colectiva), toda vez que pode entenderse como unha peculiaridade da primeira sobre a segunda categoría, e tendo en conta que a ordenanza non impón a obriga de esgotar o número máximo de alturas permitido, o que parece lóxico





na medida en que non se trata dunha ordenanza de edificación pechada entre medianeiras, que poidese en tal caso xustificar unha armonización da cornixa, senon que precisamente a edificación necesariamente debe dispoñerse exenta e recuada un mínimo de 3 m. As ocasións nas que a xurisprudencia veu entendendo obrigatorio esgotar o número de andares previstos no planeamento foi nos casos nos que a ordenanza impoñía expresamente unha unificación de alturas en función de criterios estéticos, co fin de conquistar unha altura de cornixa uniforme e non xerar paramentos cegos vistos, ou para a harmonización das novas edificacións con elementos protexidos, coma se di na Sentenza do TS de 24 de febreiro de 1997. Pero neste caso non existen tales condicionantes, polo que cabe concluir que a altura e número de andares defínense na ordenanza como máximas, pero non como mínimas. Máxime tendo en conta que a ordenanza de aplicación, e no seu apartado 1.2 “usos globais”, establece o “residencial extensivo ou de baixa densidade”; e que como no presente caso o uso pormenorizado proposto é o de residencial de vivenda unifamiliar; asumindo que o mesmo está integrado no uso global e xenérico residencial.

Por iso, e partindo do aforismo de que “quen pode o máis pode o menos”, non existe ningunha razón para impedir que non se esgote a altura máxima prevista pola ordenanza, posibilitando así o feito de poder edificar unha única planta sobre rasante (planta baixa) e gardando os recuados a lindeiros de 3 metros.

Á vista das consideracións precedentes, cabe concluir que a proposta contida do proxecto, aínda que non esgota a altura e número de andares permitidos na Ordenanza aplicable, axústase aos parámetros edificatorios que establece a mesma, integrándose dentro do “uso xenérico residencial extensivo” e, dentro deste, no máis restritivo ou de menor intensidade de uso.

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para





completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exigencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desaloxar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse.

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de xullo de 2019, redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.





Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.





- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal con sinatura dixital o día 3 de outubro de 2019, da documentación obrante no expediente, e visto o informe emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo José Martínez de Llano orosa, de data 04/11/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Alejandro Argibay Suárez **A MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 36/19** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E AMPLIACIÓN DE BAIXOCUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita na Estrada Xeral nº 224, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A921000940000UM, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2019, redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128), resultando finalmente:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.***





- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*



FIRMANTE - FECHA





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con*





arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Josefa Rego Domínguez**, de data 20/05/2019 (Rexistro de entrada nº 6.975), no que solicita modificación da información urbanística emitida en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local en data 11/04/2019 para parcela situada en Avda. da Coruña (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 05/11/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A938000380000UY

ANTECEDENTES

El 20 de Marzo de 2019 se emitió un informe técnico en el que se determinó que la parcela en estudio se encuentra situada dentro de suelo clasificado por el PXOM como rústico de protección ordinaria

NUEVA DOCUMENTACIÓN

Se presentó posteriormente un escrito de alegaciones firmado por Josefa Rego Domínguez en el que se solicita la modificación de la información urbanística anteriormente citada basándose en las siguientes argumentaciones:

Solicita que "se identifique la parcela con las dos referencias catastrales que la conforman y se le informe debidamente sobre las dos Categorías de suelo que afectan a la misma". En segundo lugar también solicita que "se le reconozca la parte urbana que figura en el actual catastro equivalente a 522 metros cuadrados urbanos en base a que dicha línea urbana continúe en línea recta con la parte urbana de los colindantes".

INFORME

Según la normativa vigente, concretamente el Art. 4 de la ley 2/2016 del Suelo de Galicia la competencia urbanística de clasificación de suelo corresponde al Planeamiento que en el Ayuntamiento de Riveira se materializa en el PXOM aprobado definitivamente el 17 de Diciembre de 2002 y actualmente vigente.

Consultado los planos del PXOM se comprobó que la totalidad o la mayor parte de la parcela se situa en suelo clasificado como rústico, sin perjuicio de que pueda existir una pequeña parte residual en suelo clasificado como urbano, cuya superficie es inferior a la representada en el plano presentado junto al escrito de alegaciones porque dicho plano contradice los planos del PXOM en cuanto a la línea de separación entre suelo rústico y urbano. Esta hipotética parte de parcela situada en suelo urbano en ningún caso cumpliría los parámetros urbanísticos de obligatorio cumplimiento para ser considerada solar por lo que no reuniría los requisitos mínimos para poder edificar.



FIRMANTE - FECHA





VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (X RUTA BTT DO NADAL).

Visto o **informe/proposta de aprobación de prezo público** do Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 31/10/2018, no que solicita a aprobación de prezo público para a participación na X Ruta BTT do Nadal.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/11/2018

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación do establecemento dun **prezo público de 6,00 €** por participante na X Ruta BTT do Nadal.

2.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.





DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL - ALBERTO PÉREZ DOVAL

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros
David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros

Alberto Pérez Doval presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 22 de outubro de 2019 (entrada núm. 14.824), mediante o que solicita a devolución da parte proporcional ás tempadas 2018 e 2019, da fianza de 1.000,00 € que depositou ante o Concello de Riveira, e achega copia dun certificado de titularidade emitido pola entidade bancaria que acredita a titularidade dunha conta bancaria aos efectos da devolución.

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 24 de outubro de 2019, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada "Ameixida".

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Riveira ao respecto da solicitude de devolución, de data 24 de outubro de 2019, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do "PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021", reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: "10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:





- a) Pago do canon de adjudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adjudicación do posto.
- b) Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)**"

Consta no expediente que Alberto Pérez Doval, 53.485.190-R, adjudicatario do posto denominado "Ameixida", presentou no Concello de Riveira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data 2 de abril de 2018, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 05/11/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a devolución parcial, por un importe de 500 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Riveira por Alberto Pérez Doval.

INTERCAMBIO DE TITULARIDADE DE POSTOS DE TEMPADA DE VERÁN EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL - DAVID FUENTES REQUEIJO E DAVID FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018, aprobou o acordo de adjudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros
David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros





Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros
---------------------	----------	----------------

David Fuentes Requeijo e David Fernández Fernández presentaron un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 12 de xullo de 2019 (entrada núm. 10.090), mediante o que solicitan: *“Que se cambie aos titulares, entre si, dos quioscos de Coroso e A Corna, concedéndose as autorizacións para a instalación de ditos quioscos de tempada desmontables ao servizo da praia da seguinte maneira:*

- *Titularidade do quiosco da praia de Coroso a nome de D. David Fuentes Requeijo.*
- *Titularidade do quiosco da praia de A Corna a nome de D. David Fernández Fernández. (...)*”

2. CONSIDERACIÓNS

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira acordou, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018: *“Adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:*

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
<i>José Ángel Rodríguez Álvarez</i>	<i>Coroso 1</i>	<i>1.219,44 euros</i>
<i>Pablo Pérez Escariz</i>	<i>Mosqueiros</i>	<i>776,00 euros</i>
<i>David Fuentes Requeijo</i>	<i>Corna (Modorróns)</i>	<i>608,72 euros</i>
<i>David Fernández Fernández</i>	<i>Coroso 2</i>	<i>1.200,00 euros</i>
<i>Alberto Pérez Doval</i>	<i>Ameixida</i>	<i>1.000,00 euros</i>

(...)”

- No escrito presentado polos interesados expoñen, entre outras cousas, o seguinte: *“(…) 3.- Que a D. David Fuentes Requeijo e a D. David Fernández Fernández únelles unha relación de parentesco, son cuñados. D^a. Laura Fuentes Requeijo, con DNI. 44.814.718-T, hermana de D. David Fuentes Requeijo, está casada con D. David Fernández Fernández. Indicar que D^a. Laura Fuentes Requeijo está dada de alta no Réxime de Autónomos como Familiar Colaborador na actividade desenrolada por D. David Fernández Fernández. Se adxuntan as copias dos DNI’s, dos libros de familia e a Alta de Autónomos de D^a. Laura, onde se pode comprobar isto.*

4.- Que D^a. Laura Fuentes Requeijo e D. David Fernández Fernández residen en Palmeira, en Rúa Pedriña, 14 A e están a explotar o quiosco situado na praia de A Corna (cando lles correspondería o situado na praia de Coroso) por motivos exclusivamente de Conciliación Laboral-Familiar. Así, mentres traballan, poden vixiar aos seus fillos (de 4 e 8 anos) mentres xogan na praia cos seus amigos. Do mesmo xeito, D. David Fuentes Requeijo está a explotar o quiosco situado na praia de Coroso, cando lle correspondería o situado na praia de A Corna.

5.- Que o 06 de xullo de 2019 presentouse no quiosco da praia de Coroso e posteriormente no de A Corna unha Inspectora de traballo para realizar unha inspección rutinaria, co fin de comprobar que todos os empregados estiveran dados de alta na Seguridade Social. A Inspectora detectou que tanto D. David Fuentes Requeijo como D. David Fernández Fernández estaban prestando os seus servizos no





quiosco que non lles correspondía, dando un prazo para o cambio da titularidade dos quioscos. Adxúntase copia do requirimento da Inspectora de traballo.”

- Na acta núm. 1 da Mesa de contratación do expediente de autorizacións temporais para instalación de postos de quioscos e terrazas en terreos de titularidade municipal no entorno das praias de Corna (1), Coroso (2), Punta Touro (1), Ameixida (1) e Mosqueiros (1), tempadas 2018, 2019, 2020 e 2021, relativa á constitución da Mesa, apertura e cualificación das ofertas presentadas, constan as seguintes ofertas por orde de preferencia solicitada:

OFERTANTE	OFERTAS (orde de preferencia solicitada)	
	1ª	2ª
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1: 1.103,00 euros	Mosqueiros: 776,00 euros
Carlos Romero Lage	Mosqueiros: 652,00 euros	---
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1: 1.219,44 euros	---
Fernando Varela Rodríguez	Coroso 1: 802,00 euros	---
David Fuentes Requeijo	Corna: 608,72 euros	Coroso 2: 608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2: 1.200,00 euros	Corna: 610,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida: 1.000,00 euros	---

Polo tanto, no procedemento de adxudicación dos postos ofertados, os únicos licitadores interesados nos postos denominados “Coroso 2” e “Corna-Modorróns” foron David Fuentes Requeijo e David Fernández Fernández.

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 04/11/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Acceder ao solicitado por David Fuentes Requeijo e David Fernández Fernández, tendo en conta que non se causa prexuízo a terceiros e baseándose no principio de conservación de actos e trámites, procedendo ao cambio de titularidade dos postos denominados “Coroso 2” e “Corna-Modorróns”, mantendo as condicións de adxudicación de cada un dos postos, deberes e obrigas.
- Dar traslado do acordo aos interesados, aos servizos económicos municipais e ao Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.





CESIÓN EN PRECARIO A FAVOR DO CONCELLO DE RIVEIRA DUNHA PARCELA SITA EN PRAZA DE ESPAÑA PROPIEDAD DE DO BANCO SANTANDER SA PARA INSTALACIÓN DE CARPA MUNICIPAL

ACREDITADO o remate do convenio de cesión da parcela propiedade do Banco Santander SA sita en Praza de España, e sobre a que o Concello de Riveira instalou unha carpa da súa propiedade.

SENDO de interese para esta Administración Municipal a continuación co devandito convenio baixo a figura xurídica da **“cesión en precario”**

CONSIDERANDO que de acordo co disposto no **artigo 5 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local**, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as Entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpor os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis; capacidade xurídica que reitera o **artigo 10 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais** según o cal

«As Corporacións Locais poden adquirir bens e dereitos:

- Por atribución da Lei.
- A título oneroso con exercicio ou non da facultade de expropiación.
- Por herdanza, Legado ou doazón.
- Por prescrición.
- Por ocupación.
- Por calquera outro modo Lexítimo conforme ao ordenamento Xurídico.»

CONSIDERANDO o artigo 1740 do Código Civil, que dispón que:

«Polo contrato de préstamo, una das partes entrega á outra, ou algunha cousa non fungible para que use dela por certo tempo e devólvalla, nese caso chámase comodato, ou diñeiro ou outra cousa fungible, con condición de devolver outro tanto da mesma especie e calidade, nese caso conserva simplemente o nome de préstamo.

O comodato é esencialmente gratuíto.

O simple préstamo pode ser gratuíto ou con pacto de pagar interese».

CONSIDERANDO que o **artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP)**, que sinala o seguinte:

«1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supor cesión da titularidade da competencia.».





CONSIDERANDO que o **artigo 4.1.d)** da **Lei 9/2017, de 8 de novembro, e Contratos do Sector Público**, permite a formalización, excluíndoos do seu ámbito de aplicación, daqueles convenios subscritos con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados en devandito TRLCSP ou en normas administrativas especiais.

CONSIDERANDO que de conformidade co artigo 111 do **Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local**, as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Conveniar coa entidade Banco Santander Sa a cesión en precario a favor do Concello de Riveira da parcela sobre a que actualmente esta Administración Municipal ten instalada unha carpa da súa propiedade.

Segundo:-A devandita cesión o será dende o momento actual ata o día 2 de abril de 2020, comprometéndose en todo caso o Concello de Riveira a deixar expedita nesa data a parcela propiedade da entidade Banco Santander Sa obxecto do presente acordo.

Terceiro:-Facultar ao Sr.alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

